



ALCANCE E OBJECTIVOS DO PLAN

2. ALCANCE E OBXECTIVOS DO PLAN

O presente proxecto ten por obxecto defini-lo Plan Municipal de Saúde do Concello de Lugo, que estará vixente desde o momento da súa aprobación e ata o ano 2010, en que se prevé a realización daquel que haberá de substituílo.

Para o seu axeitado desenvolvemento tomouse como base metodolóxica a aportada pola Federación Española de Municipios e Provincias, cos seguintes obxectivos:

- Identifica-las fontes de información relevantes desde o punto de vista da obtención dos datos necesarios para unha axeitada determinación do estado da saúde no concello, considerando a definición da mesma nun senso amplo.
- Liderar desde o goberno municipal un proceso de participación cidadá que permitise identificar axeitadamente as inquedanzas e intereses da poboación en materia de saúde.
- Elaborar unha diagnose precisa de situación da saúde no concello, en termos que permitan a súa comparación ó longo do tempo e así poder determina-la evolución real alcanzada.
- Definir un plan a longo prazo coas actuacións necesarias para satisficelas principais carencias en materia de saúde, de xeito coordinado entre tódolos actores involucrados.
- Preve-lo encaixe do Plan Municipal de Saúde dentro do Plan Estratéxico da Cidade, e acompasa-la súa marcha futura coa deste, como vía natural de desenvolvemento.

Ó ser este o primeiro Plan de Saúde desenvolvido no concello, considerouse necesario realizar un extenso desenvolvemento dos aspectos metodolóxicos do mesmo, e non só do seu contido máis operativo, de cara a afianza-lo proceso de reflexión e análise interna levada a cabo polos diferentes actores involucrados no seu desenvolvemento, e asegura-la axeitada cobertura de tódolos aspectos incluídos dentro da guía metodolóxica facilitada pola Federación Española de Municipios e Provincias, nun marco de desenvolvemento do proxecto de Cidades Saudables.